| ACCIONS DE MELLORA |  |   |
|--------------------|--|---|
| Definición         | Código                                 | AM-12   |
|                    | Tipo                                   | Acción de mellora   |
|                    | Origen acción                          | Criterio 3. Sistema de garantía de calidad  |
|                    | Descripción origen                     | A subcomisión avaliadora recomenda fomentar a implicación de todos os grupos de interese na implantación do SGIC do centro.   |
|                    | Análisis causa                         | Os cauces de participación dos grupos de interese están establecidos no SGIC marco, non obstante é necesario estudar a súa participación efectiva para realizar accións que fomenten o seu interese.          |
|                    | Definición/descripción propuesta       | Analizar a participación dos diferentes grupos de interese do centro na revisión do SGIC e ter en conta esta información para a toma de decisións que persigan o fomento da cultura da calidade na facultade. |
|                    | Fecha prevista de finalización         | 2015/2016   |
| Responsables       | Fecha inicio                           | decembro de 2015  |
|                    | Usuario responsable de la implantación | Responsable de Calidade do Centro   |
|                    | Otros responsables de la implantación  | Comisión de Calidade do Centro  |
| Finalización       | Estado                                 | En ejecución  |
|                    | Fecha estado                           | 23/11/2015  |
|                    | Comprobación                           | --  |
|                    | Fecha comprobación                     | --  |

| ACCIONS DE MELLORA |  |   |
|--------------------|--|---|
| Definición         | Código                                 | AM-13   |
|                    | Tipo                                   | Acción de mellora   |
|                    | Origen acción                          | Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidad  |
|                    | Descripción origen                     | A subcomisión avaliadora identifica a necesidade de desenvolver de forma más completa a avaliación e mellora da enseñanza e o profesorado con datos fiables, analizados e con propostas de mellora elaboradas e con seguimiento.  |
|                    | Análisis causa                         | É necesario realizar unha última convocatoria experimental do programa Docentia, antes de poder certificar a implantación do proceso. Para eso, os Vicerrectorados de Comunicación e Coordinación e Organización Académica e Persoal Docente están realizando as modificacións necesarias para que o Consello de Goberno poida aprobar un novo Manual e se poida realizar a cuarta convocatoria experimental. |
|                    | Definición/descripción propuesta       | Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente por órganos competentes, difundir a convocatoria entre o persoal docente do título e fomentar a participación na mesma.  |
|                    | Fecha prevista de finalización         | Cando a Universidad aprobe a seguinte convocatoria do programa.   |
| Responsables       | Fecha inicio                           | --  |
|                    | Usuario responsable de la implantación | Responsable de Calidade do Centro   |

|              |                                       |  |
|--------------|---------------------------------------|--|
|              | Otros responsables de la implantación | Comisión de Calidade do Centro   |
| Tarea1       | Código                                | AM-13.1  |
|              | Descripción tarea                     | Realizar actividades de difusión da convocatoria entre o PDI do centro para fomentar a participación.  |
|              | Fecha prevista de finalización        | --   |
|              | Persona responsable                   | Comisión de Calidade do Centro   |
|              | Usuario responsable                   | Responsable de Calidade do Centro  |
| Finalización | Estado                                | En ejecución   |
|              | Fecha estado                          | 23/11/15   |
|              | Comprobación                          | A tarefa AM-13.1 aínda non se puxo en marcha ao non terse realizado a convocatoria do programa Docentia por parte do Vicerreitorado correspondente |
|              | Fecha comprobación                    | 23/11/15   |

#### Accións de mellora a desenvolver 2015-2016

| ACCIONS DE MELLORA |  |  |
|--------------------|--|--|
| Definición         | Código                                 | AM-14  |
|                    | Tipo                                   | Acción de mellora  |
|                    | Origen acción                          | Criterio 1. Organización e desenvolvemento                                   |
|                    | Descripción origen                     | Realizar algúna saída de campo vinculándoa a diferentes seminarios do Máster |
|                    | Análisis causa                         | Necesidade de vincular a formación teórica con experiencias prácticas.       |
|                    | Definición/descripción propuesta       |  |
|                    | Fecha prevista de finalización         | 2015/2016  |
| Responsables       | Fecha inicio                           | Marzo de 2016  |
|                    | Usuario responsable de la implantación | Coordinadores módulo   |
| Finalización       | Otros responsables de la implantación  | Coordinadora Máster  |
|                    | Estado                                 | En ejecución   |
|                    | Fecha estado                           | 23/11/2015   |
|                    | Comprobación                           | --   |
|                    | Fecha comprobación                     | --   |

#### Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

**4. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO**

| MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO |                               |
|---------------------------------|-------------------------------|
| Modificacións                   | Xustificación da modificación |
|                                 |                               |

\*Dado que o máster foi verificado recentemente, xa foron incorporadas as recomendacións suxeridas no proceso de avaliación.

## INFORME DA COMISIÓN ACADÉMICA (20/11/2015) EN RELACIÓN Ó CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

|    |  |
|----|--|
| E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso |
|----|--|

En relación ao perfil do alumnado, o Máster segue acollendo estudiantes procedentes de titulacións específicas da Facultade de Ciencias da Educación, así como de áreas afíns. En concreto, o perfil dos alumnos de novo ingreso concorda con titulados en Educación Social, Pedagoxía, Mestre en Educación Primaria, Educación Musical e Educación Física e Psicoloxía. Ademáis do alumnado procedente do estranxeiro que realizan o seu ingreso mediante resolución reitoral de equivalencia. No fundamental, segue formando a titulados procedentes da área de Ciencias da Educación, sen contemplar ningunha variación no perfil de ingreso respecto ao estipulado na memoria.

|    |   |
|----|---|
| E5 | Actas do último curso da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade |
|----|---|

Recóllense no anexo II. as actas correspondentes ao curso académico 2014-2015, cos acordos adoptados na Comisión Académica do devandito Máster.

|    |  |
|----|--|
| I1 | Evolución do número de estudiantes de novo ingreso por curso académico |
|----|--|

En relación a este indicador, cómpre sinalar que a evolución do alumnado de novo ingreso foi incrementándose progresivamente desde o curso académico 2009-2010, mantendo una media de 17.5 alumnos por curso académico. No presente curso académico incrementouse notablemente esta cifra; pois completouse a oferta de prazas de novo ingreso (un total de 25).

| RUCT/<br>plan | Centro                             | Título   | 2009-<br>2010 | 2010-<br>2011 | 2011-<br>2012 | 2012-<br>2013 | 2013-<br>2014 | 2014-<br>2015 |
|---------------|------------------------------------|--|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| 4311773       | Facultade de Ciencias da Educación | Máster Universitario en investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario | 9.00          | 23.00         | 17.00         | 19.00         | 16.00         | 21.00         |

|     |  |
|-----|--|
| E10 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...) |
|-----|--|

En relación a este apartado, cómpre sinalar que o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, sitúase nunha media de 4.03, cunha participación do 50%. Así, destacamos como puntos fortes a explicación da materia, a comunicación co estudiantado, así como o material empregado para a impartición dos contidos propios de cada materia/seminario. Do mesmo xeito, contémplanse como puntos febles (áinda que con una valoración de 3.95 e 3.91) a necesidade dunha maior coordinación entre o profesorado das materias e a capacidade para favorecer a solución de problemas por parte do alumnado. A este respecto, desenvolveranse accións específicas no presente curso para mellorar estes resultados.

Destacar así mesmo, que a evolución da satisfacción do alumnado incrementou paulatinamente desde o curso académico 2011-2012, superando nos siguientes cursos académicos a valoración de 4 puntos.

|    |  |
|----|--|
| I3 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título |
|----|--|

Tanto o alumnado como o profesorado responden satisfactoriamente ás enquisas de avaliación. En ambos casos e en relación ao conxunto dos másters da Facultade de Ciencias da Educación, os resultados superan a media dos demás títulos ofertados na Facultade.

Alumnado:

| RUCT/plan | Centro                             | Título   | 2009-2010 | 2010-2011 | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 |
|-----------|------------------------------------|--|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 4311773   | Facultade de Ciencias da Educación | Máster Universitario en investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario | 0.00      | 0.00      | 3.75      | 4.23      | 4.08      | 4.03      |

Profesorado:

| RUCT/plan | Centro                             | Título   | 2009-2010 | 2010-2011 | 2011-2012 | 2012-2013 | 2013-2014 | 2014-2015 |
|-----------|------------------------------------|--|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 4311773   | Facultade de Ciencias da Educación | Máster Universitario en investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario | 0.00      | 0.00      | 0.00      | 0.00      | 3.91      | 4.05      |

|     |  |
|-----|--|
| E13 | Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados, evolución, ... ) |
|-----|--|

Respecto á valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, sitúase en torno ao 4.05, cunha participación do 75%. Destes resultados, cómpre destacar como puntos fortes o clima xerado na aulas nas sesión lectivas desenvolvidas (4.38) así como a coordinación entre os profesores (4.25). Neste sentido, indicar que xa está contemplada unha acción de mellora relativa a esta cuestión, a fin de corrixir as diferentes percepcións entre o alumnado e o profesorado. Como puntos débiles, ainda que con una puntuación que se sitúa en torno ao 3.54 é o insuficiente nivel de coñecemento do alumnado para afrontar determinados contidos. Con todo, e a fin de corrixir estas deficiencias, neste curso académico contempláronse diversas actividades complementarias que serven de apoio para o seguemento dos contidos teóricos impartidos.

|     |  |
|-----|--|
| E17 | Listaxe de traballos fin de grao/máster do último curso académico (título, titor e calificación) |
|-----|--|

Convocatoria setembro 2014

Alumno: María Andrea Rodríguez Sánchez

Título: As linguas estranxeiras na ensinanza primaria. Análise comparativa dun grupo de docentes de varios centros de Santiago de Compostela e Sheffield

Titor: Esther Olveira Olveira, Antonio Rodríguez Martínez

Cualificación: Notable

Alumno: Sandra Solla Sobral

Título: A participación educativa como motor de cambio social. Estudo de casos no concello de Marín (Pontevedra)

Titor: Belén Caballo Villar

Cualificación: Aprobado

Alumno: Ana Acedo Barroso

Título: Inmigración, sociedade e educación. a dimensión asociativa na Comunidad Autónoma de Valencia

Titor: Miguel Ángel Santos Rego

Cualificación: Notable

Alumno: Rodrigo Alvarado Iglesias

Título: O proceso de depuración de mestres e mestras de primeiro ensino na provincia de Lugo (de xullo do 1936 a xaneiro de 1938)

Titor: Vicente Peña Saavedra

Cualificación: Matricula de honra

Alumno: Sara Rodríguez Pérez  
Título: As escolas nacionais de primeira ensinanza na vila de Betanzos (1936-1951)  
Titor: Vicente Peña Saavedra  
Cualificación: Notable

Alumno: Sara Cardona Valcárcel  
Título: O valor da arte contextual no deseño e avaliación de políticas culturais de promoción e mantemento da democracia cultural  
Titor: Carmen Moran de Castro  
Cualificación: Notable

Alumno: Noa Rodriguez Vázquez  
Título: A educación nos procesos de cooperación e desenvolvemento en Galicia  
Titor: Antonio Caride Gómez  
Cualificación: Sobresaliente

Alumno: Irene Carballo Novas  
Título: A imaxe do profesorado a través da prensa. Un estudo comparado mediante diarios nacionais de España e Finlandia  
Titor: Antonio Rodríguez  
Cualificación: Aprobado

#### Convocatoria febreiro 2015

Alumno: Sara García Veloso  
Título: O fenómeno da violencia filio-parental: análise e proposta de intervención socioeducativa  
Titor: Diana Priegue Caamaño  
Cualificación: Sobresaliente

#### Convocatoria xullo 2015

Alumno: Isabel Áurea Docampo Silvares  
Título: A cultura de paz nas representacións sociais do alumnado de educación primaria: Un estudo exploratorio para Galicia  
Titor: José Antonio Caride Gómez  
Cualificación: Notable

Alumno: Raquel García Cabo  
Título: A representación social das familias homoparentais nos estudiantes universitarios de Educación Social  
Titor: Miguel A. Santos Rego  
Cualificación: Sobresaliente

Alumno: Ana Vázquez Rodríguez  
Título: A importancia da educación non formal para a inserción laboral da xuventude en Galicia  
Titor: Mar Lorenzo Moledo  
Cualificación: Matrícula de honra

|     |   |
|-----|---|
| E19 | Análise dos resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) |
|-----|---|

Dado que o Máster ten un carácter investigador e non necesariamente profesionalizante, a inserción laboral do alumnado concrétese no acceso ao Doutoramento. Neste sentido, da relación do alumnado de novo ingreso matriculado no curso académico 2014-2015, dúas persoas accederon á fase de Doutoramento.

En relación aos resultados do título, cómpre destacar que estamos por encima da media da USC no relativo á porcentaxe de PDI doutor que imparten docencia no Máster; tamén por encima (ata con 3 puntos de diferencia respecto á media ) da ratio de estudiantes por profesor, así como na media de alumnos por clase teórica e interactiva. A pesar disto, a taxa de éxito sitúase en torno ao 97.47. Débese mellorar a taxa de rendemento do alumnado así como a taxa de graduación; non obstante, cómpre destacar que na medida en que é un máster de investigación o alumnado non necesariamente contempla a posibilidade de rematar nun único curso académico.

Con todo, no histórico da avaliación destes indicadores, obsérvase un incremento positivo na taxa de éxito, de graduación por parte do alumnado matriculado nas diferentes edicións do máster.

Este informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. A enquisa foi realizada entre os 321 estudantes matriculados no Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario - P3091V01.

Os resultados da enquisa poden ser consultados en: <http://www.usc.es/estudiar/maestria-en-investigacion-en-educacion-diversidade-cultural-e-desenvolvemento-comunitario-p3091v01/estadisticas-inf13>

| Pregunta   | Média |
|--|-------|
| Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente   | 4.06  |
| Cumpre co programa e o plan de traballo previsto   | 4.06  |
| O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resultame útil para a preparación da materia  | 4.02  |
| Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerrado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...) | 4.03  |
| Motiva a participación crítica e activa dos/as estudiantes no desenvolvemento da clase   | 3.98  |
| Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e soluciones nesta materia   | 3.91  |
| Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)  | 4.05  |
| Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia  | 4.09  |
| Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, tutorías, aula virtual, correo electrónico,...)   | 4.11  |
| Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación   | 4.01  |
| Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de unha profesor/a nesta materia)  | 3.95  |
| Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudiantes   | 4.15  |
| A axuda recibida nas tutorías forme de utilidade (responde únicamente se as empregaches)   | 3.9   |
| Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia  | 4.09  |

|   |       |
|---|-------|
| Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida = | 4.03  |
| Porcentaxe de participación =   | 50.0% |

**INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Curso académico 2014/2015**  
**Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario - P3091V01**

| Pregunta  | Media                               | Nºm. de cuestionarios        |
|---|-------------------------------------|------------------------------|
| 1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia  | 3,54                                | 26                           |
| 2. As/os estudiantes participan críticamente e activamente no desenvolvimento das clases  | 4,15                                | 26                           |
| 3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as  | 4,15                                | 26                           |
| 4. As/os estudiantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto  | 4,19                                | 26                           |
| 5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías   | 4,38                                | 26                           |
| 6. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases  | 4,12                                | 26                           |
| 7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada  | 3,96                                | 25                           |
| 8. A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responde soamente se hai máis de un/unha profesor/a nesta materia)  | 4,25                                | 24                           |
| 9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia | 3,85                                | 26                           |
| 10. No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia   | 3,88                                | 26                           |
|   | <b>Porcentaxe de PDI interesado</b> | <b>Nºm. de cuestionarios</b> |
| 11. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia  | 84,62%                              | 26                           |
| 12. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral  | 76,92%                              | 26                           |

|   |        |
|---|--------|
| Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida = | 4,05   |
| Porcentaxe de participación =   | 75,00% |

**4311773-Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario**

| Código          | Nome   | 2009-10 | 2010-11 | 2011-12 | 2012-13 | 2013-14 | 2014-15 |
|-----------------|--|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| IN01M-PC-05     | Prazas ofertadas   | 25,00   | 25,00   | 25,00   | 25,00   | 25,00   | 29,00   |
| IN02M-PC-05     | Matrícula  | 8,00    | 25,00   | 32,00   | 29,00   | 35,00   | 30,00   |
| IN03M-PC-05     | Matrícula de novo ingreso  | 9,00    | 23,00   | 17,00   | 19,00   | 16,00   | 21,00   |
| IN04M-PC-05     | Matrícula de inicio de estudos   | 8,00    | 23,00   | 16,00   | 19,00   | 16,00   | 21,00   |
| IN05M-PC-05     | Variación da matrícula de inicio de estudos  | -       | 18,75   | -30,43  | 18,75   | -15,79  | 31,25   |
| IN06M-PC-05     | Nota media de acceso por preinscripción  | -       | -       | -       | -       | -       | 7,49    |
| IN07M-PC-05     | Porcentaxe de estudiantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis   | -       | -       | -       | -       | -       | 100,00  |
| IN08M-PC-05     | Porcentaxe de estudiantes estranxeiros sobre matriculados  | 25,00   | 20,00   | 9,38    | 6,90    | 8,57    | 20,00   |
| IN09M-PC-05     | Porcentaxe de estudiantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados  | 0,00    | 12,00   | 9,38    | 3,45    | 5,71    | 6,67    |
| IN12M-PC-05     | Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas   | 32,00   | 92,00   | 64,00   | 76,00   | 64,00   | 72,41   |
| IN14C-PC-05     | Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro   | -       | -       | -       | -       | 2,79    | 0,91    |
| IN16C-PC-08     | Satisfacción dos estudiantes entrantes cos programas de mobilidade   | -       | -       | -       | -       | 4,57    | 4,33    |
| IN17M-PC-08     | Porcentaxe de estudiantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados                                    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    |
| IN18M-PC-08     | Porcentaxe de estudiantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados                                  | 0,00    | 4,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    |
| IN19M-PC-09     | Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas   | -       | -       | -       | -       | -       | -       |
| IN20M-PC-09     | Satisfacción dos tutores externos cos programas de prácticas externas  | -       | -       | -       | -       | -       | -       |
| IN21M-PC-09     | Satisfacción dos estudiantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    | 0,00    |
| IN22M-PC-09     | Satisfacción dos egresados coa información pública disponible  | -       | -       | -       | -       | -       | 3,80    |
| IN23M-PC-12     | Porcentaxe de Personal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título                                | 72,22   | 61,11   | 52,63   | 52,63   | 55,56   | 60,00   |
| IN24M-PS-01     | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total   | 100,00  | 100,00  | 94,74   | 89,47   | 94,44   | 95,00   |
| IN25M-PS-01     | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total  | 77,78   | 72,22   | 63,16   | 63,16   | 66,67   | 60,00   |
| IN26M-PS-01     | Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas  | 4,16    | 4,22    | 4,09    | 4,25    | 4,42    | 4,47    |
| IN28-PS-01      | Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas  | -       | -       | -       | 3,73    | 4,09    | 4,11    |
| IN29-PS-01      | Ratio de estudiantes por profesor a tempo completo   | 0,47    | 1,39    | 1,68    | 1,53    | 1,94    | 1,58    |
| IN30M-PS-01     | Media de alumnos por grupo de teoría   | 6,17    | 16,78   | 12,22   | 14,26   | 12,06   | 14,89   |
| IN31M-PS-01     | Media de alumnos por grupo de docencia/interactiva   | -       | -       | 12,22   | 14,26   | 13,21   | 15,58   |
| IN32M-PS-01     | Grao de satisfacción dos egresados cos servizos  | -       | -       | -       | -       | 3,92    | -       |
| IN33M-PS-03     | Taxa de rendemento   | 72,67   | 78,26   | 77,72   | 65,09   | 70,92   | 67,69   |
| IN34M-S01-FM-01 |  |         |         |         |         |         |         |

## Comparación de indicadores coa media da USC – 2014/2015

| Cod.            | Nome   | Media | Valor |
|-----------------|--|-------|-------|
| IN24M-PS-01     | Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título | 75,42 | 60,00 |
| IN25M-PS-01     | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total   | 93,17 | 96,00 |
| IN26M-PS-01     | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total  | 70,74 | 60,00 |
| IN30M-PS-01     | Ratio de estudiantes por profesor a tempo completo   | 1,52  | 1,58  |
| IN31M-PS-01     | Media de alumnos por grupo de teoría   | 12,60 | 14,89 |
| IN32M-PS-01     | Media de alumnos por grupo de docencia interactiva   | 12,88 | 15,58 |
| IN34M-S01-PM-01 | Taxa de rendemento   | 91,21 | 67,69 |
| IN35M-S01-PM-01 | Taxa de éxito  | 99,44 | 97,47 |
| IN36M-S01-PM-01 | Taxa de avaliación   | 91,73 | 69,45 |
| IN37M-S01-PM-01 | Taxa de graduación   | 80,38 | 62,50 |
| IN38M-S01-PM-01 | Duración media dos estudos   | 1,34  | 1,50  |
| IN39M-S01-PM-01 | Eficiencia dos titulados   | 96,95 | 88,50 |
| IN41M-S01-PM-01 | Taxa de abandono RD 1393   | 8,76  | 18,75 |

## ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Costa Rico, Antón  
Gutiérrez Moar, M<sup>a</sup> Carmen  
Meira Cartea, Pablo  
Morán de Castro, M<sup>a</sup> Carmen  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Rodríguez Martínez, Antonio  
Vara Coomonte, Antonio

## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CELEBRADO O 17 DE SETEMBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás 9.00 horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os seguintes profesores e profesoras: Alicia Díaz Balado, Rita Gradaillé Pernas, Silvana Longueira Matos, Vicente Peña Saavedra e Germán Vargas Callejas.

No **primeiro** punto da Orde do Día a profesora Belén Caballo comunica que, con data 16 de setembro, recibiu o nomeamento da profesora Esther Olveira como coordinadora do Máster. Dado que o nomeamento é moi recente e os asuntos a tratar atinxen ao curso pasado ou están xa iniciados, será a anterior coordinadora –profesora Belén Caballo- quen asuma nesta ocasión o desenvolvemento da Comisión Académica de Máster convocada. Informa, entre outras, das seguintes cuestiós.

- A finais do mes de xullo de 2014, acordouse coa coordinadora do Máster de Procesos de Formación –profesora Carmen Fernández Morante- contratar un anuncio compartido para emitir na TVG durante 15 días, os 6 primeiros coincidindo cos días finais de xullo e inicios de agosto –prazo da primeira matrícula- e na primeira semana de setembro, coincidindo co segundo prazo. Os gastos do anuncio, 800 €, dividíronse entre os dous máster, polo que abonamos 400 € en concepto de publicidade.
- En relación ás edicións de cursos pasados, incrementouse notablemente o número de TFM defendidos: nove na convocatoria de xullo e 8 na de setembro. De todos eles, 10 correspondéronse á edición do máster do curso 2013-2014.
- A data dezasete de setembro, o máster conta con vinte e un alumnos matriculados para o curso 2014-2015.

No **segundo** punto da orde do día apróbanse os seguintes tribunais e datas de defensa para os TFM presentados para a convocatoria de setembro:

|              |  |
|--------------|--|
| Autora       | María Andrea Rodríguez Sánchez   |
| Título       | As linguas estranxeiras na ensinanza primaria. Análise comparativa dun grupo de docentes de varios centros de Santiago de Compostela e Sheffield |
| Titora       | Esther Olveira Olveira, Antonio Rodríguez Martínez   |
| Tribunal     | Vicente Peña Saavedra<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño   |
| Data defensa | xoves 18, ás 09:00h  |
| Autora       | Sandra Solla Sobral  |
| Título       | A participación educativa como motor de cambio social.<br>Estudo de casos no concello de Marín (Pontevedra)                                      |
| Título       | La participación educativa como motor de cambio social.<br>Estudio de casos en el ayuntamiento de Marín (Pontevedra)                             |
| Titora       | Belén Caballo Villar   |
| Tribunal     | Antonio Rodriguez Martinez<br>German Vargas Callejas<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | xoves 18, ás 16:00h  |
| Autora       | Ana Acedo Barroso  |
| Título       | Inmigración, sociedade e educación. a dimensión asociativa na Comunidade Autónoma de Valencia.   |
| Titor        | Miguel Ángel Santos Rego   |
| Tribunal     | Antonio Rodriguez Martinez<br>German Vargas Callejas<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | xoves 18, ás 17:00h  |
| Autor        | Rodrigo Alvarado Iglesias  |
| Título       | O proceso de depuración de mestres e mestras de primeiro ensino na provincia de Lugo (de xullo do 1936 a xaneiro de 1938)                        |
| Titor        | Vicente Peña Saavedra  |
| Tribunal     | Antonio Rodriguez Martinez<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | venres 19, ás 9:00h  |

|              |  |
|--------------|--|
| Autora       | Sara Rodríguez Pérez   |
| Título       | As escolas nacionais de primeira ensinanza na vila de Betanzos (1936-1951)   |
| Titor        | Vicente Peña Saavedra  |
| Tribunal     | Antonio Rodríguez Martínez<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | venres 19, ás 10:00h   |
| Autora       | Sara Cardona Valcárcel   |
| Título       | O valor da arte contextual no deseño e avaliación de políticas culturais de promoción e mantemento da democracia cultural. |
| Titora       | Carmen Morán de Castro   |
| Tribunal     | Antonio Rodríguez Martínez<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | venres 19, ás 11:00h   |
| Autora       | Noa Rodríguez Vázquez  |
| Título       | A educación nos procesos de cooperación e desenvolvemento en Galicia   |
| Titor        | José Antonio Caride Gómez  |
| Tribunal     | Antonio Rodríguez Martínez<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño  |
| Data defensa | venres 19, ás 12:00h   |
| Autora Irene | Carballo Novas   |
| Título       | A imaxe do profesorado a través da prensa. Un estudo comparado mediante diarios nacionais de España e Finlandia            |
| Titor        | Antonio Rodríguez Martínez   |
| Tribunal     | Vicente Peña Saavedra<br>Antón Costa Rico<br>Diana Priegue Caamaño   |
| Data defensa | venres 19, ás 13:30h   |

No **terceiro** punto da orde do día apróbase o contrato de avaliación por módulos para o curso 2014-2015 (ver anexo).

Asemade, asúmense os seguintes acordos:

- O equipo docente de cada módulo será o encargado de concretar a proposta de avaliación recollida no contrato, de xeito que poida

facilitarao alumnado pautas más específicas que orienten o desenvolvemento do traballo.

- O equipo docente de cada módulo elixirá entre o conxunto do profesorado que o integra un coordinador ou coordinadora de módulo que facilite os procesos de coordinación e toma de decisións.
- O profesor Antonio Rodríguez Martínez asume a responsabilidade de coordinar o módulo I no curso académico 2014-2015.
- O labor do profesorado en relación aos traballos de módulo cínguese e titorizar, orientar e clarificar dúbihdas, nunca a revisar en profundidade o texto escrito para corrixilo antes da súa entrega (labor que se reserva para a titorización de TFM).

No **cuarto** punto da orde do día non se realizan peticións nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as dez horas e vinte minutos do día dezasete de setembro de 2014, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Director

Asdo.: M<sup>a</sup>. Belén Caballo Villar

Asdo.: Antonio Caride Gómez

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> Mar  
Peña Saavedra, Vicente

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
PERMANENTE DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO  
COMUNITARIO DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 7 DE  
OUTUBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás nove horas e vintecinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpa a súa ausencia a profesora María Esther Olveira Olveira.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse as seguintes exencións parciais de docencia:

- Katty Yamamoto, exención parcial ata o 30 de novembro de 2014, data de finalización do seu contrato de traballo. O horario laboral a quendas só posibilita a asistencia en semanas alternas á docencia do master ata a data indicada.
- Cristina Lastra González, exención parcial durante todo o curso académico, pois finaliza o seu horario laboral ás 14:30, agás os martes, que remata ás 18:00 horas.
- Constantino Couso Miguélez, exención de docencia para a materia “Metodoloxía para a investigación histórico-comparada”, pois formalizou a matrícula unha vez rematada a súa docencia.
- Francisco Javier Silvela Sánchez, exención parcial de docencia para a materia “Metodoloxía do deseño e avaliación de programas socioeducativos”, da que está matriculado como complemento de formación do Programa de Doutoramento en Educación.

No **segundo** punto da orde do día apróbase o cambio de dedicación de tempo completo a tempo parcial para a alumna Cristina Lastra González.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día sete de outubro de 2014, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria

Visto e Prace

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Antonio Caride Gómez

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> Mar  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
PERMANENTE DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 30 DE  
OUTUBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás nove horas e dez minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpa a súa ausencia o profesor José Antonio Caride Gómez.

No **primeiro** punto da orde do día a Coordinadora do Máster, profesora Esther Olveira, informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- Tras a elaboración da memoria de seguimento do máster que se presenta para a súa aprobación nesta sesión, activarase o proceso de recollida de información para ter as evidencias documentais que se requieren na auditoría prevista para a segunda quincena de novembro.
- Cómpre activar a Comisión composta polos profesores Vicente Peña, Antonio Rodríguez e Rita Gradaílle para redactar a normativa que regule a exención parcial de docencia no máster.
- Proximamente convocarase unha reunión de traballo co profesorado implicado no módulo II do máster para organizar o proceso de elección de coordinador ou coordinadora de módulo, así como o traballo a desenvolver.

No **segundo** punto da orde do día apróbase o Informe Anual de Seguimento do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario correspondente ao curso 2013-2014.

No **terceiro** punto da orde do día a coordinadora do máster dá conta do proceso de adscrición de titores, no que se realizou o mellor axuste posible entre as temáticas solicitadas polo alumnado e as liñas de especialización do profesorado. Os alumnos e alumnas que non entregaron a ficha cuberta, foron asignados aos profesores que non tiñan adscrito ningún alumno (ver anexo I). A coordinadora insiste na necesidade de impulsar os TFM do alumnado que ten esta materia pendente de cursos anteriores, pois é un elemento que penaliza nos informes de seguimento.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e trinta minutos do día trinta de outubro de 2014, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
PERMANENTE DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 25 DE  
NOVEMBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás nove horas e dez minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpa a súa ausencia a profesora Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> Mar.

No **primeiro** e único punto da orde do día a Coordinadora do Máster, profesora Esther Olveira, informa da reunión mantida o pasado 20 de novembro co profesor Patricio Salas Pulgar, xefe de Posgrao da Universidade Católica Silva Henríquez de Chile, xuntanza á que tamén asistiron o director e a secretaria do Departamento.

A devandita Universidade, no marco do seu plan estratégico, está interesada en desenvolver unha réplica adaptada do *Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvimento Comunitario* para formar a unha parte do seu cadro docente e egresados. Os elementos básicos abordados na conversa foron os seguintes:

- A Universidade Católica Silva Henríquez de Chile vén de asinar un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, no marco do que, se a Comisión Académica do Máster o aproba, desenvolveríase un convenio específico para impartir o máster.
- O máster reaxustariase para ofrecer só os 60 créditos necesarios para a obtención do título.
- Entre a optatividade, e para satisfacer necesidades concretas expresadas por esta Universidade, incorporaríanse contidos referidos a currículum e procesos de evaluación.
- As materias de carácter obligatorio desenvolveríanse presencialmente en Santiago de Chile, e a optatividade -con carácter semipresencial- a través de videoconferencia.
- Está previsto o desprazamento de entre oito e dez profesores.
- Ao cadro docente incorporaríanse seis doutores de Universidades Latinoamericanas que, ao igual que o restante profesorado implicado no máster, asumiría dirección de TFM.

- Atenderíase a un máximo de 30 alumnos, pois precisan garantir que 20 finalizan o máster.
- A docencia presencial en Santiago de Chile concentraríase nos meses de xullo de 2015 e xaneiro de 2016.
- Constituiríase unha comisión mixta -Universidade chilena, USC- para a selección do profesorado que participaría na docencia presencial, na que se considerará -por ser un criterio contemplado nos procesos de avaliación externa aos que se somete a Universidade Católica Silva Henríquez- categoría profesional, curriculum vitae, sexenios e quinquenios.
- Esta mesma comisión será a encargada da selección do alumnado.

Acórdase ir documentando coas diferentes vicerreitorías os diferentes aspectos académicos e económicos implicados nesta posibles colaboración, así como convocar a Comisión Académica do Máster o vindeiro día 2 de decembro para someter á súa consideración esta proposta.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as dez horas do día vinte e cinco de novembro de 2014, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez

## ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Costa Rico, Antón  
Díaz Balado, Alicia  
Gradállae Pernas, Rita  
Gutiérrez Moar, M<sup>a</sup> Carmen  
Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> Mar  
Meira Cartea, Pablo  
Morán de Castro, M<sup>a</sup> Carmen  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente  
Vara Coomonte, Antonio  
Valera Crespo, Laura  
Vargas Callejas, Germán

## ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ACADEMICA DO MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CELEBRADO O 2 DE DESEMBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás nove horas e dez minutos coa presenza dos membros que figuraná marxe.

Desculpa a súa ausencia a profesora Diana Priegue Caamaño.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse, por asentimento, as actas das xuntanzas da Comisión Académica do Máster que, con carácter ordinario, se celebraron os días 14 de marzo e 17 de setembro de 2014. Tamén as da Comisión Permanente delegada da Comisión Académica do Máster celebradas os días 16 de xullo, 7 e 30 de outubro e 25 de novembro do ano 2014.

No **segundo** punto da orde do día a profesora Esther Olveira, coordinadora do máster, dí conta da solicitude realizada pola Universidade Católica Silva Henríquez de Chile para desenvolver unha réplica do *Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvimento Comunitario*. Expón o avanzado ata o momento en torno a esta proposta (ver acta da Comisión Permanente da Comisión Académica do Máster celebrada o dia 25 de novembro de 2014) tras o que se abre unha rolda de intervencións.

Toman a palabra, entre outros, os profesores José Antonio Caride, Pablo Meira, Vicente Peña, Antón Costa e María del Carmen Gutiérrez. Vábrase como positiva esta iniciativa, que recibe a calidade do máster do noso departamento e abre oportunidades de internalización. Apúntase a posibilidade de negociar que –no caso de aprobar a súa implantación, o alumnado matriculado fose considerado no cómputo mínimo de matrícula que a Xunta de Galicia esixe para manter a oferta de máster. Tamén se insiste na necesidade de diferenciar con claridade a vontade do Departamento de aprobar esta iniciativa e a vontade individual do profesorado para participar na mesma.

Por asentimento, apóbase avanzar no estudo da posibilidade de impartir o máster na Universidade Católica Silva Henríquez de Chile. Para operativizar o acordo, apóbase crear unha comisión xestora inicial composta pola coordinadora do Máster, os investigadores principais dos Grupos de Investigación do Departamento, e a Secretaría do Departamento. Esta comisión analizará a viabilidade institucional, académica e económica desta réplica; aspectos todos eles que deben figurar no convenio específico a asinar no marco do convenio xeral de colaboración entre a USC e a devandita Universidade.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día dous de decembro de 2014, póngase a sesión da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> Mar  
Peña Saavedra, Vicente

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
PERMANENTE DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 17 DE  
DECEMBRO DE 2014.

A xuntanza comezou ás nove horas e trinta minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpa a súa ausencia a profesora Esther Olveira Olveira.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase a solicitude da Universidade de Vigo para que unha alumna do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Equidade e innovación en educación curse como complemento formativo, no curso 2015-2016, a materia P3091102 Metodoloxías cualitativas na investigación socio-educativa.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de decembro de 2014, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez



ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Costa Rico, Antón  
Meira Cartea, Pablo  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente  
Priego Caamaño, Diana  
Vara Coomonte, Antonio  
Valera Crespo, Laura

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 4 DE  
MARZO DE 2015.

A xuntanza comezou ás trece horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores e profesoras Alicia Díaz Balado, Rita Gradáille Pernas, María del Carmen Gutiérrez Moar, Lucía Iglesias da Cunha, Silvana Longueira Matos, María del Mar Lorenzo Moledo, Carmen Morán de Castro, Uxío Otero Urtaza, Antonio Rodríguez Martínez, Miguel Anxo Santos Rego, Antonio Vara Coomonte e Germán Vargas Callejas.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse, por asentimento, as actas das xuntanzas da Comisión Académica do Máster que, con carácter ordinario, se celebraron os días 14 de marzo, 17 de setembro e 2 de decembro de 2014. Tamén as da Comisión Permanente delegada da Comisión Académica do Máster celebradas os días 16 de xullo, 7 de outubro, 30 de outubro, 25 de novembro e 17 de decembro do ano 2014.

No **segundo** punto da orde do día a profesora Esther Olveira, coordinadora do máster, informa, entre outros, dos seguintes asuntos:

- O máster acaba de someterse ao proceso de avaliación externa para a renovación da acreditación, da que se recibirán os resultados a finais do mes de marzo. Agárdase un informe positivo con recomendacións, entre outras, a necesidade de incrementar a taxa de graduación.
- Agradece a colaboración do profesorado que, en tempo e forma, entregou a documentación requirida. Asemade, fai un chamamento a aqueloutro que se retrasou na facilitación da información, o que dificultou o proceso.

Insiste na necesidade de que todo o equipo docente sinta o máster como algo propio.

- Argumenta a necesidade de facer visible toda a documentación na web.
- Permanece aberto o prazo de matrícula para o alumnado estranxeiro, posibilidade que se lle ofreceu á Universidade Católica Silva Henríquez (Chile) mentres non se oferte un máster conveniado.

No **terceiro** punto da orde do día a coordinadora do máster explica as tres solicitudes de modificación da memoria presentadas no prazo de declaración de intencións. Todas elas derivan das recomendacións recollidas nos informes de seguimento e son as seguintes:

- Reagrupar os obxectivos e as competencias para facer más asequible aúa formulación e avaliación.
- Modificar a denominación dalgunha materia, de forma que se adecúe mellor aos contidos.
- Eliminar as prácticas externas, que nunca chegaron a activarse.

No **cuarto** punto da orde do día acórdase que, finalizado o proceso de avaliación, os traballos de módulo e as prácticas de aula das materias do máster serán entregadas na secretaría do departamento para poder arquivalas e ter a documentación a disposición das comisións avaliadoras.

No **quinto** punto da orde do día, considerando as circunstancias particulares que concorren na alumna Cristina Lastra González, a Comisión Académica, en resposta ao seu escrito, autoriza aúa avaliación por módulos no módulo I.

Asemade, dáse lectura ao escrito presentado pola representante de estudiantes Silvia Puga (ver anexo) no que se traslada o malestar do alumnado do máster polo incumprimento da normativa da USC no referido ao tempo de corrección de exames/traballos e notificación das cualificacións, así como dos prazos de revisión das mesmas.

Dada a complexidade do proceso de avaliación por módulos, que supón a coordinación dunha comisión avaliadora e, polo tanto, require de máis tempo, acórdase estudar medidas que permitan axilizar os trámites.

Entre elas, propónense as seguintes:

- O profesor ou profesora coordinador de cada módulo será a persoa de referencia para atender nas titorías de revisión, ensinando e comentando os puntos débiles dos traballos co alumnado que solicite a titoría.
- Os traballos de módulo serán entregados en soporte papel na secretaría do departamento, de forma que teñan un rexistro de entrada e quede constancia. De forma complementaria, enviarase unha copia en PDF ao coordinador do módulo correspondente.

- Unha vez finalizado o proceso de avaliación, manterase unha reunión co alumnado de cada módulo para comentar, de forma xeral, aspectos dos traballos e contribuír así á formación do alumnado e á mellora das súas producións.

No **sexto** punto da orde do día o profesor José Antonio Caride propón que, unha vez recibido o informe da avaliación externa do máster, se manteña unha xuntanza co alumnado para comentalo e identificar estratexias de mellora. Tamén, que se sistematicen tres xuntanzas cos estudiantes do máster: unha inicial -que xa se vén facendo-, outra de seguimento na que, con certa profundidade se detecten aspectos de mellora, e unha final.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas do dia catro de marzo de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra



## ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Costa Rico, Antón  
Díaz Balado, Alicia  
Gradaille Pernas, Rita  
Iglesias da Cunha, Lucía  
Meira Cartea, Pablo  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente  
Priegue Caamaño, Diana  
Rodríguez Martínez, Antonio  
Santos Rego, Miguel  
Valera Crespo, Laura

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CELEBRADO O 25 DE MARZO DE 2015.

A xuntanza comezou ás dez horas e corenta minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia as profesoras María del Carmen Gutiérrez Moar e Silvana Longueira Matos e o profesor Antonio Vara Coomonte.

No **primeiro** punto da orde do día a coordinadora do Máster, profesora Esther Olveira, previamente á presentación do informe de avaliación provisional do título, clarifica dúas cuestións que teñen condicionado os resultados: a primeira, o máster xa non depende organicamente do Departamento, senón da Facultade - ainda que non se ten recibido ningunha notificación oficial que dea conta desta circunstancia-; a segunda, o proceso de avaliación foi en paralelo co Máster Universitario de Procesos de Formación e o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, sen diferenciar nas audiencias o profesorado e alumando de cada máster, feito que se traduce no informe, pois non se percibe que se comprendese a singularidade do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario.

Amosa, pois, a preocupación cos resultados da avaliación pois boa parte das cuestións que se indican para mellorar non dependen directamente do Departamento, senón da Facultade (por exemplo, a activación da Comisión de Garantía Interna de Calidade). Avanza que a Vicerreitoría de Calidade acaba de facilitar un informe coa resposta a enviar en relación á devandita comisión.

Engade que o día 16 de febreiro se tramitou unha declaración de intencións de modificación da memoria do máster que avanzaba xa varios dos aspectos que recolle o Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación, o que facilita argumentar as respostas.

Informa, por último, de dúas reunións mantidas para abordas cuestións referidas ao proceso de renovación de acreditación do máster; unha con Jesús Lamas e Josefa Recalde (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica) á que asistiron tamén o director e a secretaria do departamento, e outra con Pilar Martínez (Área de Calidade e Mellora dos Procedementos) na que participou -xunto coa coordinadora do máster- Rafael Varela, por cuestións que teñen que ver coa plataforma informática e xestión administrativa.

O director do Departamento, profesor José Antonio Caride, argumenta a necesidade de presentar alegacións ao informe provisional, visibilizando na resposta que se redacte a responsabilidade do Departamento na xestión do máster, evitando quedar diluídos nun discurso de carácter xenérico. É preciso que se aprecie a singularidade do mesmo en relación aos outros dous que foron avaliados en simultáneo, pois o informe provisional emite afirmacións que non se corresponden coa realidade do Máster de Investigación en Educación.

Abrese unha rolda de intervención na que toman a palabra as profesoras e profesores Vicente Peña, Antonio Rodríguez, Antón Costa, Miguel Anxo Santos, Lucía Iglesias, Rita Gradaille e Pablo Meira. Realízase unha análise compartida do informe e acórdase:

- Responder ao informe provisional desde a revisión do histórico do máster, poñendo en evidencia cómo accións que antes se levaban a cabo agora non son viables por falta de recursos económicos (por exemplo, sesións de aula con profesorado de recoñecido prestixio doutras Universidades).
- Na medida en que o máster depende da Facultade, haberá que propiciar unha maior implicación da mesma en aspectos como a difusión e captación de alumnado, a realización de enquisas de satisfacción dos sectores implicados, a activación da comisión de calidade, a xestión dos informes de seguimiento...; garantindo, a un tempo, que o Departamento sigue asumindo a responsabilidade do máster.
- Non responder soamente ás cuestións puntuais que formula o informe, senón redactar dous escritos (ou incorporar o primeiro como introdución fundamentada) no que se explique a argumete a natureza do noso máster como de investigación, dando conta do modo de proceder e do traballo realizado. É preciso que na resposta o máster se singularice no conxunto da avaliación.

A coordinadora do máster comprométese a redactar un borrador de resposta que se distribuirá entre os membros da comisión académica do mesmo para axudar a completalo.

O profesor Antón Costa solicita que conste en acta o agradecemento á profesora Esther Olveira polo seu traballo de coordinación.

Finalmente, dáse conta das dificultades atopadas para activar nos prazos desexados unha réplica do Máster na Universidade Católica Silva Henríquez de Chile, xa que hai que tramitala como verificación de título e non como modificación. A única alternativa viable neste momento é a matrícula do seu alumnado na cota estudiantes estranxeiros.

No **segundo** punto da orde do día, e conforme aos criterios de funcionamento establecidos nas dúas últimas edicións do máster, noméase o tribunal que xulgará os Traballos Fin de Máster nas convocatorias de xullo, setembro e febreiro, quedando constituído polo seguinte profesorado:

Titulares

Silvana Longueira Matos  
Mar Lorenzo Moledo  
Laura Varela Crespo

Suplentes

Pablo Meira Cartea  
Esther Olveira Olveira  
Miguel Anxo Santos Rego

Acórdase que a comisión teña unha breve xuntanza na segunda semana de abril para clarificar aspectos referidos á valoración de asistencia a defensa de teses, TFM e congresos, que, en función dos acordos adoptados no seu día, poden supoñer un incremento de ata o 10% da cualificación do TFM. Informarase o antes posible ao alumnado do acordado nesa xuntanza para clarificar as dúbidas que veñen trasladando á coordinación do máster en relación a esta cuestión.

Sen más asuntos que tratar e sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez

## ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Gradaille Pernas, Rita  
Gutiérrez Moar, M<sup>a</sup> Carmen  
Longueira Matos, Silvana  
Meira Cartea, Pablo  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Priego Caamaño, Diana  
Valera Crespo, Laura  
Vargas Callejas, Germán

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 24 DE  
ABRIL DE 2015.

A xuntanza comezou ás nove horas e dez minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

No **primeiro** punto da orde do día a coordinadora do Máster, profesora Esther Olveira, informa de que o Máster vén de superar a segunda fase de avaliación para renovar a súa acreditación. Queda pendente a terceira das fases, que esixe un laborioso traballo de baleirado de datos nunha nova aplicación informática do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Comenta as demandas do alumnado recollidas nas reunións de coordinación: sesións de formación no manexo de SPSS, información detallada sobre a elaboración dos mapas conceptuais e unha plantilla con maior nivel de concreción para elaborar a recensión do módulo III, entre outras. O profesorado presente entende que algunhas destas demandas non son acaídas para o nivel de máster.

Acórdase que se informará ao alumnado con maior detalle da estrutura modular, ofrecendo información puntual de cada un deles e resolvendo as dúbihadas existentes; pero sempre procurando fomentar a súa autonomía como estudiantes.

Asemade, proponse que ao inicio do máster, e coincidindo coa sesión informativa xeral, se lles entregue unha relación dos traballos a pedir para que, en relación aos mesmos, identifiquen as dúbihadas e a experiencia que teñen, podendo dar resposta desde a coordinación de cada módulo.

Informa dos acordos adoptados pola comisión avaliadora dos TFM designada para o presente curso académico en relación ás actividades complementarias a realizar para acadar un incremento do 10% na valoración do TFM. Son os seguintes:

- Para lograr o 10% de incremento da cualificación o alumno ou alumna, debe presentar -debidamente xustificadas- seis actividades formativas de entre as propostas, sempre e cando se acrediten, como mínimo, en dúas das tipoloxías ofertadas. A valoración das mesmas será,
  - 6 actividades: 1 punto
  - 4 ou 5 actividades: 0,75 puntos
  - 3 actividades: 0,5 puntos
  - 2 actividades: 0,25 puntos
  - 1 actividade: 0 puntos

A certificación destas actividades poderá entregarse na secretaría do departamento ata unha semana antes da defensa dos TFM.

Por último, apróbase a proposta de modificación da memoria do máster (ver anexo).

No **segundo** punto da orde do día, apróbase a inclusión no repositorio institucional Minerva do Arquivo Dixital de Historia da Educación, presentado como anexo do TFM da alumna Uxía Bolaño Amigo.

Sen más asuntos que tratar e sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e catro de abril de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace


A Secretaria

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez

## ANEXO



### MASTER DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

#### PRESENTACIÓN DE MODIFICACIONES

1. Para dar respuesta a las recomendaciones realizadas en los diferentes informes de evaluación de seguimiento del Máster de Investigación en Educación, Diversidad Cultural y Desarrollo Comunitario, la Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) solicita a la Comisión Académica del citado máster que realice las siguientes modificaciones para corregir los desajustes detectados en la Memoria verificada del título.
  - a) Eliminar la propuesta de realización de prácticas externas, ya que nunca se llegó a desarrollar (las referencias a este aspecto figuran en los apartados 5.1.1, 5.1.2, 5.2.3, 7.2, 9.3.2. de la memoria).
  - b) Incorporar a la Memoria del Máster la propuesta de evaluación por módulos que se ha venido implementando con carácter experimental -y muy buenos resultados- durante los cursos académicos 2013-2014, 2014-2015 (ver anexo). Se mantiene, no obstante, la alternativa de evaluación por asignaturas para el alumnado que no satisface los requisitos necesarios de evaluación por módulos (tener asignaturas suspensas, realizar complementos de formación para acceder al Programa de Doutorado en Educación, etc.) (Apartado 9.2 de la memoria del título).
  - c) Los evaluadores que visitaron la Facultad de Ciencias de la Educación de la Universidad de Santiago de Compostela los días 17 y 18 de febrero de 2015 incidieron en la necesidad de reducir las competencias y evitar solapamientos de las mismas, mejorando su concreción. De ahí que se presente como texto alternativo el elaborado en el proceso de redacción de la evaluación por módulos (apartado 3.2. de la memoria del título; el 5.4. de planificación temporal por materias):

#### MÓDULO I:

- ✓ Reconocer la dimensión científica del proceso investigador en el área socio-histórico-educativa.
- ✓ Desarrollar la capacidad de aplicar modelos y procedimientos de investigación a problemas concretos del campo educativo.
- ✓ Adquirir un dominio básico de los fundamentos epistemológicos, teóricos y metodológicos de la perspectiva cualitativa aplicada a la investigación educativa y social.
- ✓ Conocer los principales enfoques y estrategias de la evaluación de programas en la intervención socio-comunitaria.

- ✓ Dominar las bases metodológicas de la implementación de programas.
- ✓ Aproximarse al conocimiento científico de las claves fundamentales de la investigación del cambio socioeducativo.

**MÓDULO II:**

- ✓ Dominar las destrezas técnicas y analíticas que hacen posible la comprensión de los factores que condicionan los ejercicios de política educativa.
- ✓ Analizar las relaciones entre políticas de desarrollo y bienestar social.

**MÓDULO III:**

- ✓ Dominar los resortes pedagógicos fundamentales en la construcción de estrategias de aprendizaje cooperativo.
- ✓ Identificar competencias sociales e interculturales en perspectiva local y global.
- ✓ Formular indicadores de calidad y equidad en las políticas de ciudadanía e integración, a nivel general y local.
- ✓ Utilizar experiencias axiológicas sobre los contextos pedagógicos orientados a la construcción de la ciudadanía.

D

I

F

U

**MÓDULO IV:**

- ✓ Relacionar las realidades del desarrollo y la educación.
- ✓ Identificar las potencialidades de la comunidad para el logro de mejores condiciones de vida en el ámbito local.

**MÓDULO V:**

- ✓ Reflexionar sobre la tarea profesional en ciencias de la educación para implementar políticas de igualdad.
- ✓ Apreciar la importancia y el impacto de la emigración e la realidad educativa de Galicia.
- ✓ Intervenir desde las perspectivas de la Pedagogía Gerontológica a favor del colectivo de mayores en diversos ámbitos: servicios sociales, educativos, culturales y tiempo libre, participación comunitaria, satisfacción y necesidades económicas.

Apreciar la

Intervenir

- d) Ajustar a la realidad actual las asignaturas que se imparten en la modalidad de docencia semipresencial y virtual; aspecto aprobado el 14 de marzo de 2014 en la reunión de la Comisión Académica del Máster.

Las asignaturas semipresenciales son las siguientes:

- P3091203 Educación en valores: sociedad civil y desarrollo cívico
- P3091206 Educación, emociones y afectividad
- P3091207 Personas mayores, memoria comunitaria y patrimonio educativo

- P309 1208 La relación de la Institución Libre de Enseñanza con los Movimientos Pedagógicos Europeos.

La asignatura virtual es :

- P3091106 La educación para la ciudadanía y la interculturalidad: derechos humanos, familia y aprendizaje cooperativo.

2. **En el apartado 1.5.2 de la memoria, el texto que debe aparecer modificando la no posibilidad de impartirse a tiempo parcial el master es:** “Cada curso académico se ofertarán 4 plazas para realizar estudios a tiempo parcial. Estas se agregarán a las 25 plazas ofertadas”.

Esta oferta se realiza desde la implantación del Master, en el curso académico 2010-11.

3. **La modificación del apartado 4.1. implica incorporar el plan de difusión del Master que desarrolla el Departamento y que se concreta en las siguientes acciones.**

- ✓ Presentación del máster en el 4º curso de los grados de: Pedagogía, Educación Social y Grado de Maestro (en este último caso, también en la Facultad de Formación del Profesorado que la USC tiene en el Campus de Lugo).
- ✓ Difusión de publicidad a través de diferentes medios de comunicación, que se está financiado con cargo a los fondos de los equipos de investigación del Departamento implicados en la docencia del máster.
- ✓ Difusión del máster a través de la lista de distribución de la Oficina de Relaciones Exteriores de la Universidad, que incorpora a todas las Universidades e Institutos de Investigación con los que la USC mantiene convenios activos.
- ✓ Difusión permanente a través de las redes sociales y de las páginas web de los equipos de investigación de manera permanente.
- ✓ Difusión a través de las redes de investigación nacionales e internacionales de los que forman parte los equipos de investigación del departamento.

4. **Una modificación sustancial es la que ha de experimentar el apartado 6 de personal académico, en sus diversos apartados.**

En cuanto al apartado 6.1. Profesorado y otros recursos humanos necesarios y disponibles para llevar a cabo el plan de estudios propuesto, el actual cuadro de personal se configura de la siguiente manera:

|  |           |
|--|-----------|
| Catedráticos de Universidad (TC)           | 04        |
| Profesores Titulares de Universidad (TC)   | 08        |
| Catedráticos de Escuela Universitaria (TC) | 01        |
| Contratados Doctores (TC)                  | 04        |
| Ayudantes Doctores (TC)                    | 01        |
| Contratados Interinos (TC)                 | 02        |
| Contratados Interinos (TP)                 | 01        |
| <b>TOTAL DE PROFESORES DOCTORES</b>        | <b>21</b> |

En el apartado 6.2. personal académico especificando su categoría y en el 6.2.1. hemos de modificar la información para que dé respuesta a la docencia que se lleva impartiendo desde hace varios cursos

| <b>PROFESORADO DE PLANTILLA</b> |                                      |                    |
|---------------------------------|--------------------------------------|--------------------|
| <b>PERSONAL</b>                 | <b>CATEGORÍA</b>                     | <b>VINCULACIÓN</b> |
| Mª Belén Caballo Villar         | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Antonio Caride Gómez            | Catedrático de Universidad           | Tiempo completo    |
| Antonio Costa Rico              | Catedrático de Universidad           | Tiempo completo    |
| Alicia Díaz Balado              | Ayudante Doctora                     | Tiempo completo    |
| Rita Gradaílle Pernas           | Contratada Doctora                   | Tiempo completo    |
| Mª del Carmen Gutiérrez Moar    | Contratada Doctora                   | Tiempo completo    |
| Lucía Iglesias da Cunha         | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Silvana Longueira Matos         | Contratada de sustitución            | Tiempo completo    |
| Mª del Mar Lorenzo Moledo       | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Pablo Ángel Meira Cartea        | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Mª del Carmen Morán de Castro   | Contratada Doctora                   | Tiempo completo    |
| Mª Esther Olveira Olveira       | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Eugenio Manuel Otero Urtaza     | Catedrático de Escuela Universitaria | Tiempo completo    |
| Diana Priegue Caamaño           | Interina                             | Tiempo completo    |
| Vicente Peña Saavedra           | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Antonio Rodríguez Martínez      | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Miguel A. Santos Rego           | Catedrático de Universidad           | Tiempo completo    |
| José Manuel Touriñán López      | Catedrático de Universidad           | Tiempo completo    |
| Antonio Vara Coomonte           | Titular de Universidad               | Tiempo completo    |
| Laura Varela Crespo             | Contratada de sustitución            | Tiempo parcial     |
| Germán Vargas Callejas          | Contratado Doctor                    | Tiempo completo    |

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA PERMANENTE DO  
MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN  
EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL  
E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 18 DE  
MAIO DE 2015.

A xuntanza comezou ás doce horas coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia a profesora Mar Lorenzo Moledo e o profesor Vicente Peña Saavedra.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase o escrito que dá resposta ás alegacións presentadas polo Colexio Oficial de Economistas de Pontevedra ás modificacións do Máster Universitario de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvimento Comunitario (ver anexo).

Sen máis asuntos que tratar e sendo as doce horas e quince minutos do día dezaoito de maio de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra

## ANEXO

### **RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS DO COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA**

Estimado D. Juan José Santamaría Conde, enténdese o interese sectorial do colexio nas cuestiós que plántea.

Son cuestiós que podemos compartir como inquietudes de interese vinculadas o desenvolvemento académico do máster, como moitas outras pero discrepamos respecto da incorporación destas cuestión no Máster, en canto ao que supón cambio nos contidos ou nas materias, polas seguintes razóns:

- a) Ao longo do grao a maioría dos alumnos admitidos no máster cursaron materias substantivas de economía da educación, política da educación, análise interdisciplinar da educación e cultura.
- b) Todo o contido do Máster foi experimentado á longo dos anos e avaliado anualmente coas melloras pertinentes.
- c) Non hai nas propostas do Colexio ningunha matización que supoña cambio innovación ou reforzo nos obxectivos do máster que están deseñados atendendo ás competencias propias dos graos de pedagogía, educación social, mestre e ciencias da educación en xeral.

Por todo o sinalado, ratificámonos na importancia de seguir tal como está o Máster, introducindo as modificaciós asumidas na Comisión Académica do 4 de marzo de 2015, e nos Informes de Seguimento da Axencia de Calidade de Galicia (ACSUGA).

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2015

Maria Esther Olveira Olveira  
Coordinadora do Máster Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario

Sr. Decano-Presidente do Colexio de Economistas de Pontevedra, D. Juan José Santamaría Conde.

## ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Díaz Balado, Alicia  
Gradaílle Pernas, Rita  
Gutiérrez Moar, M<sup>a</sup> Carmen  
Iglesias da Cunha, Lucía  
Meira Cartea, Pablo  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther  
Peña Saavedra, Vicente  
Priegue Caamaño, Diana  
Rodríguez Martínez, Antonio  
Santos Rego, Miguel Anxo  
Vara Coomonte, Antonio  
Vargas Callejas, Germán

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 15 DE  
XULLO DE 2015.

A xuntanza comezou ás nove horas e trinta minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia as profesoras Silvana Longueira Matos, Mar Lorenzo Moledo, Carmen Morán de Castro e Laura Varela Crespo.

No **primeiro** punto da orde do día apróbanse as actas da sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2015 e da permanente celebrada o 18 de maio de 2015.

No **segundo** punto da orde do día, o director de Departamento recorda que cando presentou a súa candidatura comprometeuse a promover un proceso aberto para elixir -e non designar- ao coordinador ou coordinadora do máster.

Agradece a presentación das candidaturas das profesoras Rita Gradaílle e Diana Priegue para assumir a coordinación do máster nos vindeiros dous anos, recollendo o testigo dos anteriores coordinadores: profesores Vicente Peña, Belén Caballo e Esther Olveira.

As dúas candidatas expoñen as súas motivacións para presentarse, así como as liñas xerais de actuación que propoñen, coincidentes nos temas referidos a consolidar a estrutura modular do máster e as estruturas de coordinación, a difusión e a captación de estudiantes, a implicación do alumnado na toma de decisións e a busca de recursos económicos que permitan organizar actividades complementarias específicas para o máster.

Desde a dirección do Departamento, dado que a natureza das propostas é similar e se leva un tempo intentando consolidar unha estrutura colexiada de xestión do máster, proponse unha alternancia na coordinación co compromiso de apoio na xestión da persoa que nese curso académico non figure nominalmente como coordinadora. A proposta foi falada con anterioridade coas dúas candidatas, que aceptaron e valoraron como positiva esta alternativa.

Sendo así, o Consello de Departamento, por unanimidade, aproba que a coordinadora do máster no curso académico 2015-2016 sexa a profesora Rita Gradaílle Pernas e a secretaria a profesora Diana Priegue Caamaño, alternando estas responsabilidades para o curso académico 2016-2017.

No **terceiro** punto da orde do día elíxense os coordinadores e coodinadoras do módulo para o curso 2015-2016:

- 1º módulo: prof. Antonio Rodríguez Martínez
- 2º módulo: profra. Belén Caballo Villar
- 3º módulo: profra. Esther Olveira Olveira
- 4º módulo: profra. Diana Priegue Caamaño
- 5º módulo: profra. María del Carmen Gutiérrez Moar

No caso dos módulos 1 e 2, e dado que ambos profesores levan moitos anos en tarefas de xestión, acórdase que a coordinadora e a secretaria do máster valoren a posibilidade de incorporara a outros profesores nesta responsabilidade.

No **cuarto** punto da orde do día a actual coordinadora do máster, profesora Esther Olveira, dá conta das seguintes cuestiós en clave avaliativa e prospectiva:

- A inicios do curso académico 2015-2016 o novo equipo coordinador deberá elaborar o informe de seguimento.
- Estase á espera da aprobación das modificácionés do máster solicitadas. Cando chegue a resposta hai que garantir a súa incorporación na memoria; tamén, introducir a información na nova plataforma.
- Cómpre revisar entre todos os horarios do vindeiro curso, de xeito que se poidan axustar os erros ou solapamentos que se detecten.
- Un dos puntos febles do máster é a ausencia de mobilidade. Para o vindeiro curso había a posibilidade dunha alumna Erasmus Mundus de Jordania, que non vai ser viable pola inexistencia dun convenio asinado.
- Resulta imprescindible rexistrar todas as actividades que se realizan en relación ao máster, de xeito que poidamos reunir as evidencias que requieren os avaliadores externos nos procesos de renovación da acreditación. Acórdase deseñar unha ficha sinxela -que se colgará na rede- e axude a sistematizar os acordos de reunións de traballo. Os coordinadores de módulo serán os encargados de cubrillas nas reunións de módulo e de envialas á secretaría do departamento para o seu arquivo.

- Detectáronse pequenos erros no contrato de avaliación por módulos que hai que corrixir.
- Existe unha numerosa bolsa de alumnos aos que só resta o TFM para finalizar o máster. Proponse que a secretaría do máster asuma a coordinación desta materia para intentar facer un seguimento global, máis alá do que cada titor ou titora realiza co alumnado que ten asignado, co fin de mellorar a situación.
- Resulta tamén contraproducente para o máster o alumando que, por temas de mobilidade, por exemplo, non o cursa completo, pois computa como alumno que non finaliza o master.
- En xeral, os resultados das enquisas de avaliación aplicadas ao alumnado indican que está satisfeito co máster. Tan só se recibiu unha queixa anónima, que se depositou no casilleiro da coordinadora. Dado que alude á profesora Alicia Díaz Balado, a coordinadora fixolla chegar para que puidese argumentar o que estimase oportuno. Dáse lectura ao escrito anónimo e á réplica da devandita profesora, que realiza un balance positivo do seu traballo na materia á que alude a queixa.  
Tras unha rolda de intervencións acórdase que, ao non se ter rexistrado o escrito e ser anónimo, non se lle pode dar trámite nin resposta, pois non hai remitente nin garantías de que, efectivamente, fose un alumno deste máster o seu autor. Procédese, pois, a arquivarse na secretaría do debratamento, xunto coa resposta da profesora afectada.
- Solicitouse por escrito ao vicerreitorado, e xa por terceira vez, que se clarifique de quen é a titularidade do máster de Investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario. As comunicacións que proceden do Ministerio indican que é o Departamento, pero a Universidade aprobou unha normativa que adscribe todos os máster aos centros (e así foi avaliado no proceso de renovación da acreditación).
- No que se refire á difusión, participouse nas xornadas organizadas pola facultade, que tiveron moi escasa participación do alumnado. A coordinadora falou coa vicedecana para proponerlle a celebración destas xornadas a inicios do segundo cuatrimestre.

Difundiuse tamén a través das listas de distribución da ORE. Está pendente valorar se facelo nos medios de comunicación, sabendo que o departamento non ten recursos económicos. O director do departamento, como IP do grupo SEPA, comprométese a financiar parte da publicidade e a falar cos restantes IP para obter os fondos necesarios.

Acórdase, tamén, activar a difusión a través das redes sociais e habilitar a información do máster nas aulas virtuais de coordinación de 4º curso das diferentes titulacións.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as once horas e quince minutos do día quince de xullo de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra

ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Lorenzo Moledo, M<sup>a</sup> del Mar

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA PERMANENTE DO  
MÁSTER DE INVESTIGACIÓN EN  
EDUCACIÓN, DIVERSIDADE CULTURAL  
E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADO O 27 DE  
XULLO DE 2015.

A xuntanza comezou ás trece horas e cincuenta minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores Esther Olveira Olveira e Vicente Peña Saavedra.

No **primeiro** e único punto da orde do día apróbase autorizar a alumna Renata Bonfim Soares para defender o seu Traballo Fin de Máster por videoconferencia desde Brasil.

Sen máis asuntos que tratar e sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e sete de xullo de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: José Antonio Caride Gómez



ASISTENTES:

Caballo Villar, M<sup>a</sup> Belén  
Caride Gómez, José Antonio  
Costa Rico, Antón  
Díaz Balado, Alicia  
Gradaílle Pernas, Rita  
Iglesias da Cunha, Lucía  
Lorenzo Moledo, Mar  
Meira Cartea, Pablo  
Olveira Olveira, M<sup>a</sup> Esther

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN  
ACADÉMICA DO MÁSTER DE  
INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN,  
DIVERSIDADE CULTURAL E  
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA CELEBRADA O 20 DE  
NOVEMBRO DE 2015.

A xuntanza comezou ás nove horas e cinco minutos coa presenza dos membros que figuran á marxe.

Desculpan a súa ausencia os profesores e profesoras Silvana Longueira Matos, Vicente Peña Saavedra, Antonio Rodríguez Martínez, Miguel Anxo Santos Rego, Germán Vargas Callejas.

No **primeiro** punto da orde do día apróbase a acta da comisión académica permanente do máster celebrada o 27 de xullo de 2015; tamén as das reunións das comisións académicas celebradas o 15 de xullo e o 14 de setembro de 2015.

No **segundo** punto da orde do día a coordinadora do Máster, profesora Rita Gradaílle, informa dos seguintes asuntos:

- O 18 de novembro finalizouse o labor de subir á plataforma Verifica a memoria do máster, proceso lento e laborioso pola complexidade da propia aplicación e o nivel de desagregación de datos que require. Prevese que sexa devolta porque na memoria do máster non figuran as competencias xerais nin as transversais. Reunirase á comisión redactora do máster para que organice as competencias que figuran na memoria tendo en conta a súa clasificación en xerais, básicas, específicas, de módulo e transversais, redactando aquelas que sexa preciso para completar estes apartados.
- Tal e como foi acordado na comisión permanentemente celebrada o día 9 de novembro deste mesmo ano, a coordinadora do máster contactou coa xefa de División de Matrícula e Expedientes para interesarse pola modificación solicitada polas alumnas Aldara Gómez Vega e Laura Garrido Nebril, de forma que puidesen acollerse á avaliación por módulos. Tras clarificar que esta modificación non repercutía na expedición do título, porque o máster non conta con mencións, comunicouse que no caso da primeira das alumnas seguramente se informaría de forma positiva, porque a súa

matrícula foi posterior ao peche do prazo de modificacións; non así no caso da segunda.

Finalmente, a resolución foi negativa para ambas, polo que solicitan da comisión académica que se revise o seu caso particular, pois tan só teñen unha materia fóra de lugar para cumplir cos requisitos da avaliación por módulos. Convocarase unha reunión a fin de analizar a solicitude.

- Mantívose unha reunión co alumnado para explicar a situación da materia Políticas educativas, inmigración e benestar social, afectada pola baixa maternal da profesora Diana Priegue. A Xunta de Galicia non autorizou un profesor substituto e o Departamento, dada a súa sobrecarga docente, non está en condicións de asumir as súas clases. Acórdase seleccionar uns textos básicos de entre os recomendados na bibliografía da materia para que o alumnado supla coa súa lectura as clases. A profesora Mar Lorenzo encargarase de realizar esta selección, que se integrarán no traballo do seminario, no que tamén asume docencia o profesor Antón Costa.  
A raíz da reunión mantida co alumnado, estes manifestan o seu malestar pola carga de traballos específicos que se están solicitando para a avaliación de materias, cando teñen asinado o contrato de avaliación por módulos (ver anexo). O profesorado presente na comisión indica que hai que diferenciar entre materias semipresenciais e virtuais –que polo seu carácter requiren de un traballo que permita abordar os contidos do programa– e as materias presenciais que, no caso da avaliación por módulos, non poden solicitar traballos que vaian más alá das prácticas de aula. Acórdase convocar unha reunión co profesorado dos módulos II e III para resolver esta cuestión.
- O alumnado do máster elixe como representante á Diana Escobar Arias, que se incorporará ás reunións da comisión académica do máster, con voz e sen voto.

No **terceiro** punto da orde do día apróbase o informe anual de seguimento do máster de investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvimento comunitario correspondente ao curso académico 2014-2015.

No cuarto punto da orde do día non se presentan peticionés nin preguntas.

Sen más asuntos que tratar e sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte de novembro de 2015, péchase a sesión, da que como secretaria, dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O Director en funcións

Asdo.: M<sup>a</sup> Belén Caballo Villar

Asdo.: Vicente Peña Saavedra